

Asubío

I PREMIO DE NOVELA FMJJ



I Premio ASUBÍO de novela FMJJ Infancia e Mocidade pola Inclusión

BASES DO PREMIO

1. OBXECTO E CONDICIÓNS.

1.1. O Premio de Novela Fundación María José Jove “I Premio ASUBÍO de novela FMJJ Infancia e Mocidade pola Inclusión” (en diante, o “Premio”) é unha iniciativa da Fundación María José Jove (en diante, “FMJJ”) e de Hércules de Ediciones, S.L., unipersoal (en diante, “Hércules de Ediciones”), co fin de promover o fomento e a creación de obras literarias que aborden o tema da infancia e da mocidade en risco de exclusión social e que favorezan o coñecemento sobre este tema, particularmente entre os máis novos. Esta iniciativa conta coa colaboración da Xunta de Galicia, que participa adquirindo exemplares da obra gañadora.

1.2. O Premio terá carácter bienal e a primeira convocatoria será en 2021.

1.3. Poderán participar autores de calquera nacionalidade ou residencia, maiores de idade, cunha obra literaria escrita en castelán ou en galego, conforme ás normativas establecidas, en cada caso, pola Real Academia Española e pola Real Academia Galega. As obras que participen no premio deberán ser obras individuais, non colectivas. O participantes só poderán enviar unha obra para optar ao Premio, que deberá ser orixinal e inédita e non poderá ser galardoada noutros concursos. Os autores teñen o deber de comunicarlle á FMJJ a concesión de calquera premio ou publicación que obteña a obra presentada durante o transcurso do premio; de non facelo, implicará a súa automática exclusión.

2. DOTACIÓN.

2.1. Outorgarase un único premio dotado con **10.000 euros** (sujeito ao disposto na lexislación vixente de IRPF en materia de retencións). A obra premiada publicarase e

poñerase á venda en castelán e en galego na colección de narrativa Sen fronteiras de Hércules de Ediciones, e o gañador recibirá tamén un diploma acreditativo ou peza conmemorativa e 10 exemplares da obra en cada idioma dos arriba indicados. O prazo máximo para a posta en circulación dos exemplares da primeira edición é de dous (2) anos que se contarán desde a publicación destas bases. A contía do premio inclúe a adquisición por parte da FMJJ e de Hércules de Ediciones dos dereitos de divulgación, publicación, explotación, e, en especial os dereitos de reprodución (edición en papel e dixital en castelán e en galego do texto gañador), distribución, comunicación pública, tradución da obra gañadora á lingua castelá, galega e a calquera outra que lingua que Hércules de Ediciones considere, así como a edición da obra en papel ou en formato, a tanto alzado, con motivo da cesión dos citados dereitos que corresponderán, en exclusiva, á FMJJ e a Hércules de Ediciones. O gañador do Premio comprométese a renunciar expresamente a calquera pretensión sobre os mesmos. Hércules de Ediciones doará o 5 % do PVP dos libros vendidos ao labor social da FMJJ. Cada edición da obra literaria contará cun mínimo de 1.000 exemplares e cun máximo de 5.000 exemplares. Así mesmo, en todas as edicións farase constar que a obra gañou o Premio. Establécese un accésit, sen dotación económica para a mellor obra literaria presentada na lingua que non obteña o primeiro premio, que poderá ser recomendada para a súa publicación se así o estima conveniente o xurado. O Premio poderá declararse deserto sempre que o xurado considere que os orixinais presentados non reúnen a calidade suficiente.

3. TEMÁTICA DAS OBRAS PRESENTADAS.

As obras que se presenten deben ter como EIXE

TEMÁTICO A INFANCIA OU MOCIDADE EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL (infancia e/ou mocidade actual, recordos da infancia e/ou de mocidade, novela de aprendizaxe ou memorias literarias, tanto na súa vertente real como imaxinaria), e abordando contidos como nen@s e moz@s con discapacidade; nen@s e moz@s en sistema de reforma ou con medidas de reeducación; nen@s e moz@s estranxeir@s non acompañados; nen@s e moz@s en sistema de protección social; nen@s e moz@s nunha contorna familiar próxima con alcoholismo ou drogodependencia etc.

4. FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN. Para poder participar no Premio, é imprescindible que o participante realice a súa solicitude cubrindo tanto o formulario de inscrición habilitado na web (4.1) como o posterior envío dun sobre por correo certificado (4.2).

4.1. Formulario de inscrición a través da páxina web da Fundación María José Jove

Para a presentación das propostas terase que cubrir o formulario de inscrición, dispoñible na web da FMJJ, **www.fundacionmariajosejove.org**, e enviálo a través do sistema habilitado para ese efecto. **O prazo de presentación comeza o 15 de abril de 2021 e termina o 30 de setembro do mesmo ano.** Deberase cumprimentar os campos requiridos (“pseudónimo” e “título da novela”) e achegar un exemplar en PDF da obra que opta ao Premio. As obras terán unha extensión mínima de 150 páxinas a dobre espazo e letra arial 12, con marxes non superiores a 3 cm. Ademais, acompañarase un extracto do contido da obra en formato PDF, cunha extensión non superior ás dúas páxinas numeradas a dobre espazo e letra arial 12, con marxes non superiores a 3 cm. Non poderán optar ao Premio as obras de participantes cuxa solicitude de inscrición a través da web conteña datos e/ou información que non fose requirida. Así mesmo, o participante deberá aceptar estas bases antes de enviar o formulario de inscrición da web. A non aceptación destas bases imposibilitará tramitar a súa solicitude. Unha vez enviado o formulario de inscrición habilitado na web, inmediatamente aparecerá unha mensaxe na pantalla do computador cun código alfanumérico asignado á obra e solicitude enviada. É imprescindible que o participante anote e conserve o código facilitado xa que a FMJJ poderá requirir, no seu caso, a corrección da solicitude de inscrición mediante a publicación na web de avisos facendo referencia ao devandito número, que soamente coñecen o participante e a FMJJ. A non corrección da

solicitude por parte do interesado no prazo habilitado para o efecto por parte da FMJJ, imposibilitará que esta tramite a súa participación nesta convocatoria.

4.2. Remisión por correo certificado

Posteriormente, e para ser recibido dentro do prazo de presentación de solicitudes de participación (entre o 15 de abril e o 30 de setembro de 2021, ambos incluídos) deberase enviar un sobre por correo postal certificado, sen remitente, que inclúa na súa falta no anverso do sobre o código alfanumérico mencionado no apartado 4.1 anterior, no que deberá figurar “I Premio ASUBÍO de novela FMJJ Infancia e Mocidade pola Inclusión” á seguinte dirección: Avda. Linares Rivas 4, baixo. 15005 A Coruña. O sobre conterá soamente a información que se detalla a continuación e en ningún caso deberá figurar no exterior do sobre ningún dato persoal do participante, soamente en lugar visible e, en defecto de remitente, o código alfanumérico antes mencionado:

- A solicitude de inscrición impresa, que previamente descargou o participante cando cumprimente e envíe o formulario web de inscrición no premio. Dita solicitude impresa deberá estar cuberta cos datos do participante requiridos pola FMJJ para o efecto (nome e apelidos, dirección postal e electrónica, teléfono), debidamente asinada polo participante e datada.
- Fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte válido e en vigor.
- Breve referencia biográfica.
- Declaración expresa de que a obra é orixinal e inédita.

Os gastos de envío por correo certificado correrán a cargo do participante. En ningún caso o participante incluírá no sobre a obra coa que participa no Premio, xa enviada con anterioridade a través de inscrición web, e/ou calquera outra información adicional non requirida nestas bases.

4.3. É importante que todos os participantes teñan en conta e respecten as indicacións sinaladas neste apartado cuarto, co fin de que as obras sexan anónimas ata que o xurado adopte unha decisión respecto do gañador do Premio.

5. O XURADO

O xurado está composto por sete persoas expertas na materia. Actuará como secretaria do xurado, con voz e sen voto, María Belén Rey Asensio, directora de Comunicación da Fundación María José Jove.

A composición proposta do xurado nesta primeira edición do Premio é a seguinte:

Felipa Jove Santos, presidenta da Fundación María José Jove.

Laura Rodríguez Herrera, directora de Hércules de Ediciones.

Espido Freire, escritora e columnista. Aos 25 anos obtivo o Premio Planeta. Autora polifacética, destaca no seu labor narrativo; apareceu en antoloxías como

Vidas de mujer (Madrid, Alianza Editorial, 1999), Lo del amor es un cuento (Madrid, Ópera Prima, 2000), Ser mujer (Madrid, Temas de hoy, 2000), Fobias (Madrid, La Esfera de los Libros, 2003), Ni Ariadnas ni Penélopes (Madrid, Castalia, 2002), Orosia: mujeres de sol a sol (Jaca, Pirineum, 2002), Sobre raíles (Madrid, Imagine, 2003) ou Todo un placer (Córdoba, Berenice, 2005), entre outras. A crítica saudouna como unha das voces máis interesantes da narrativa española. Foi traducida ao inglés, francés, alemán, portugués, grego, polaco, neerlandés e turco. Irlanda recibiu en 1999 o premio francés "Millepage", que os libeiros lle conceden á novela revelación estranxeira; en 2000, o premio Que Leer á mellor novela española por Melocotones helados; en 2017, o Premio Azorín pola súa novela Llamadme Alejandra e en 2018, o Premio Letras del Mediterráneo, en categoría de Novela Histórica.

Miguel Conde-Lobato, é director creativo, produtor e realizador de cinema publicitario. Leva máis de 30 anos creando historias, rodándoas a través da súa produtora Congo Producións e, agora tamén, plasmándoas na súa escritura e en varios proxectos de cinema e ficción en desenvolvemento. É autor da novela Los lobos no piden perdón, e tamén de dous ensaios: Target: Manual de instrucciones e Knowcosters, cuando el Low Cost es el mal. É presidente fundador da Fundación Knowcosters, que reivindicou o consumo informado como vía para transformar o mundo. Colabora e colaborou con distintos medios de comunicación achegando o seu punto de vista como analista e observador social. Como publicista, é fundador e director creativo da axencia BAP&Conde, unha das axencias independentes máis galardoadas en España, con máis de 100 premios nacionais e internacionais.

Blanca Ana Roig Rechou é profesora-investigadora AD HONOREM da Universidade de Santiago de Compostela, despois de ser vicerreitora no equipo do reitor Darío Villanueva Prieto; de impartir docencia nas Facultades de

Filoloxía, Ciencias da Comunicación e Ciencias da Educación; de dirixir os primeiros grupos de investigación que acolleron a Literatura Infantil e Xuvenil como o seu centro de traballo, caso do grupo CELT e do grupo Liter21, de participar en Congresos nacionais e internacionais e de ser investigadora principal de proxectos de investigación autonómicos e nacionais. Experta en Literatura Infantil e Xuvenil con múltiples traballos en revistas e monografías individuais e colectivas, coordinou a primeira Historia da Literatura Infantil e Xuvenil galega. Desde o ano 2000 dirixe a Rede temática de Investigación "Las Literatura Infantiles y Juveniles del Marco Ibérico e Iberoamericano" (LIJMI), enmarcada no Proxecto "Investigacións en Literatura Infantil e Xuvenil" do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (Xunta de Galicia-Sistema Universitario Galego) onde segue traballando no Proxecto "Informes de Literatura" que creou en 1995. Dirixe a revista Elos. Revista de Literatura Infantil e Xuvenil (revUSC) e a páxina " Elos de Lectura" de El Correo Gallego.

José António Gomes é escritor e profesor universitario. É natural de Gaia e vive no Porto. Asinou as súas obras literarias co pseudónimo de João Pedro Méseder, algunhas delas distinguidas con premios. Formado en Filoloxía Xermánica e doutoramento en Literatura Portuguesa do século XX pola Universidade Nova de Lisboa, é profesor de literatura na Escola Superior de Educación do Instituto Politécnico do Porto. Como autor ten publicadas decenas de obras de poesía e de literatura infanto-xuvenil, ademais de traballos de investigación sobre Literatura Infantil e Xuvenil e Literatura Portuguesa, os cales asina co seu nome civil. É crítico e comentarista en varias publicacións periódicas portuguesas e constantemente reclamado para intervencións en centros educativos, en congresos e en actividades internacionais.

Armando Requeixo é investigador, secretario científico do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades e profesor na Universidade de Santiago de Compostela. Ensaísta e tradutor, é membro da Asociación de Escritores en Lingua Galega, da Asociación Española de Críticos Literarios, da Asociación Galega da Crítica e do PEN Club de Galicia. Recibiu varias distincións polo seu labor como crítico, investigador e tradutor literario. As súas recensións aparecen publicadas nos periódicos Faro de Vigo, La Opinión da Coruña, El Ideal Gallego, Diario de Ferrol, Diario de Arousa e Diario de Bergantiños. Desde febreiro de 2011 mantén o blog Criticalia. Desde 2018 colabora en Radio Galega cunha sección semanal de literatura. Como crítico literario e colaborador de prensa

foi un invitado especial ao Premio Planeta en numerosas edicións.

O xurado actuará en única sesión, sendo necesaria a asistencia da maioría simple dos seus membros. As deliberacións serán secretas e delas redactarase a acta correspondente. A decisión do xurado será inapelable, podendo no seu caso declararse deserto, e darase a coñecer nun acto público na sede da FMJJ na Coruña, o 15 de decembro de 2021.

6. ACTO PÚBLICO DE RESOLUCIÓN E ENTREGA DE PREMIO.

O gañador estará presente no acto público de resolución e de entrega do premio que **terá lugar o 15 de decembro de 2021 na sede da FMJJ**. A FMJJ asumirá os gastos de desprazamento e, no seu caso, aloxamento do gañador ata unha contía máxima de 500 euros; todos estes gastos deberán ser debidamente xustificados á FMJJ.

As obras orixinais non premiadas serán destruídas tras facerse pública a resolución de xurado.

7. ACTO DE PRESENTACIÓN DA PUBLICACIÓN DA OBRA PREMIADA.

O acto realizarase nunha data para definir no mes de maio de 2022 na sede da Fundación María José Jove. O gañador do Premio estará presente no acto de presentación da publicación da obra premiada ao que tamén asistirán representantes da FMJJ, de Hércules de Ediciones e das institucións colaboradoras, así como membros do xurado.

8. TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS.

En cumprimento da normativa que resulta de aplicación en materia de Protección de Datos Persoais, infórmase a continuación do tratamento de datos persoais facilitados polos participantes con motivo da súa participación no premio:

8.1. Identidade e datos de contacto do responsable.

Todos os datos persoais que nos facilite (en diante, os "Datos Persoais") serán incorporados a un rexistro de actividades de tratamento titularidade de FMJJ.

8.2. Finalidades e bases xurídicas do tratamento. A FMJJ tratará os seus datos persoais coa finalidade de tramitar a súa solicitude de participación no premio e para a prestación por parte da FMJJ dos servizos relacionados

coa actividade. Vostede pode revogar o seu consentimento para o tratamento dos seus datos persoais en calquera momento. Para iso, simplemente deberá remitir unha solicitude por escrito á dirección de correo electrónico info@fundacionmariajosejove.org ou a Rúa Galileo Galilei 6, (15008)- A Coruña. A solicitude deberá conter copia do seu DNI ou outro documento identificativo equivalente, así como o contido mínimo previsto na normativa aplicable.

8.3. Medidas de seguridade. A FMJJ tratará os seus datos persoais de maneira absolutamente confidencial. Así mesmo, implantou medidas técnicas e organizativas adecuadas para garantir a seguridade dos seus datos persoais e evitar a súa destrución, perda, acceso ilícito ou alteración ilícita. Á hora de determinar estas medidas, tivéronse en conta criterios como o alcance, o contexto e os fins do tratamento; o estado da técnica e os riscos existentes.

8.4. Destinatarios dos datos persoais. A FMJJ non comunicará os seus datos persoais a ningunha entidade, salvo a Hércules de Ediciones e aos membros que compoñerán o xurado antes indicados. Con todo o anterior, os participantes cuxa obra resulte premiada consente mediante a aceptación destas bases a comunicación e difusión pública do seu nome e dos seus apelidos, como gañador/a do premio.

8.5. Transferencias internacionais de datos. A FMJJ ten previsto realizar unha única transferencia internacional de datos: á entidade Google, Inc. para poder utilizar o servizo de correo electrónico de Google. Esta transferencia é lícita, xa que Google, Inc. garante un nivel de protección aos datos persoais equivalente ao existente na Unión Europea ao atoparse adherida ao Privacy Shield.

8.6. Dereitos. Vostede pode exercer os seus dereitos de acceso, cancelación, rectificación, limitación, portabilidade e oposición, dirixíndose a FMJJ a través do correo electrónico info@fundacionmariajosejove.org ou a Rúa Galileo Galilei 6, (15008)- A Coruña. A solicitude deberá conter copia do seu DNI ou outro documento identificativo equivalente, así como o contido mínimo previsto na normativa aplicable. Se a solicitude non reúne os requisitos especificados, a FMJJ poderá requirir a súa corrección. Non se esixirá contraprestación ningunha polo exercicio dos dereitos. Así mesmo, no caso de que o Vostede considere que Fundación tratou os seus datos persoais infrinxindo a normativa, dispón do dereito de

presentar unha reclamación diante da Axencia Española de Protección de Datos ou da autoridade de control correspondente.

9. ACEPTACIÓN DAS BASES E CONSENTIMENTO EXPRESO.

O feito de participar no premio supón a íntegra aceptación e o cumprimento destas bases por parte dos participantes. Todos os participantes no Premio, ao realizar a inscrición e o envío da obra garanten que o participante é autor da obra e titular de todos os dereitos de propiedade intelectual, que esta non foi rexistrada nin depositada en ningún rexistro, excepto no Rexistro de Propiedade Intelectual que corresponda e sempre que non comprometa a cesión de dereitos tal e como se detalla máis adiante. Así mesmo, a obra que se presente non deberá estar pendente de resolución en ningún concurso, obrigándose a non contraer compromisos ou gravames de ningunha especie; a autoría e orixinalidade da obra, mesmo fronte a reclamacións de terceiros; Así mesmo, no caso de que o participante no Premio resulte gañador/a da obra, este obrígase, mediante a aceptación destas bases, a ceder en exclusiva á FMJJ e/ou a Hércules de Ediciones, conxunta ou individualmente, por todo o prazo que legalmente duren os dereitos de propiedade intelectual, para o ámbito territorial mundial e a cambio de percibir a contía do Premio considerado como unha remuneración a tanto alzado: - dereitos de divulgación, publicación, explotación, e, en especial os dereitos de reprodución (edición en papel e dixital en castelán e galego do texto gañador), distribución, comunicación pública, tradución da obra gañadora á lingua castelá, galega e calquera outra que lingua que Hércules de Ediciones considere, así como a edición da obra en papel ou en formato dixital, comprometéndose o gañador/a do Premio a subscribir os documentos e a realizar os actos necesarios para que se produza dita transmisión, se así lle fose requirido pola FMJJ e/ou Hércules de Edicións. Incumprir as obrigacións que se aplican nesta convocatoria por parte dos participantes poderá ser motivo de revogación dos seus beneficios reservándose a FMJJ e a Hércules de Ediciones o exercicio dos dereitos e das accións que puidese corresponderlle a prol da defensa dos seus intereses.

Debido á situación sanitaria provocada pola Covid-19, o Premio levarase a cabo respectando as medidas oportunas de control e prevención da transmisión da enfermidade. Así mesmo, a FMJJ resérvase o dereito de suspender e, no seu caso, cancelar o Premio, ou ben, modificar o calendario ou as condicións nas que este leve a cabo, por causas de forza maior, e/ou como consecuencia dunha decisión, orde ou norma emitida por parte das autoridades sanitarias (sexan estatais, autonómicas ou locais) derivada da situación de alerta sanitaria provocada pola Covid-19 ou similar.

10. NORMATIVA APLICABLE E XURISDICIÓN.

A resolución de calquera conflito ou litixio en relación con este premio dirimirase de conformidade coas leis españolas, someténdose expresamente ao foro ou xurisdición dos Tribunais da cidade da Coruña. A FMJJ resérvase o dereito de emprender accións xudiciais contra aquelas persoas que realicen calquera tipo de acto susceptible de ser considerado manipulación e/ou falsificación deste premio. O incumprimento dalgún dos requisitos ou das bases aquí establecidas supoñerá a descalificación automática do/a participante